

Comisión de Xestión - 25 de febreiro de 2010

No comezo da reunión, o presidente do Comité informa que está en funcións pois hai un proceso para a súa substitución, a empresa está de acordo e segue a Comisión.

1.- Gardas en Autónomos (Comercial): Expón o punto o xefe do departamento, ate agora as gardas faciáanse en tódolos centros, na Coruña había 4 persoas de garda os sábados, Barcelona tiña 10-12 persoas e así o resto de centros.

Agora a empresa propón que non abran todos os centros cada sábado, entrando unhas 54 persoas de garda. Tendo en conta que este ano haberá 4 sábados sen gardas (2 de xaneiro, 3 de abril, 1 de Maio e 25 de Decembro) e que A Coruña vai compartir garda con Madrid; en Hércules entrarán 16 persoas de garda en 18 sábados. Din que o número de gardas para o persoal será o mesmo que ate agora.

Dende a CIG entendemos que con este cambio non se garante a atención en galego os sábados que non haxa persoal de garda na Coruña, a empresa recoñece que non tratou o tema da atención en galego, o que xa di abondo sobre o respecto que teñan ás linguas oficiais distintas do castelán pois o mesmo pasará co Euskera e o catalán.

Para a CIG é evidente que non vai estar garantida a atención en galego, polo tanto non estamos de acordo con esta modificación que só beneficia á empresa. Tamén será moito máis difícil cambiar as gardas pois antes entraban moitos menos de garda os sábados e os cambios eran máis doados entre o persoal de Hércules.

Semella que este movemento faise para aforrar enerxía, ate agora teñen 4 centros abertos os sábados e con este cambio abrirán menos centros en cada garda. O caso é que o da Coruña ten que estar aberto igualmente pois Residencial segue a facer gardas de sábado.

Finalmente a empresa di que nas vacacións (nadal e verán) entrarán menos de garda (9-12 persoas) e tentarán cubrir os festivos locais con voluntarios.

2.- A voz do cliente (sala de escoitas): O xefe de RRHH comenta que isto forma parte da iniciativa GPS, na súa orientación á satisfacción do cliente, para coñecer a súa opinión, e que se trasladará a outras áreas. Na súa opinión non se trata de controlar aos ASC senón de coñecer as necesidades do cliente.

Continúa dicindo que só acceden á sala empregados e que está situada no Centro de Formación, que as escoitas non son en directo porque marcan uns parámetros, para que non sexan nin chamadas moi cortas nin moi longas, e que son aleatorias. Tamén di que é unha iniciativa da empresa a nivel nacional, que non ten nada que ver coa Coruña.

A CIG estamos en contra desta medida, non nos parece ético estar a escoitar aos ASC e aos clientes sen que estes o saiban. Como recoñece o xefe de RRHH, nós estamos en contra das monitorizacións e isto é un paso máis con respecto ás que viñamos sufrindo.

Dende a CIG preguntamos en que Mesa de Comercial se comunicou esta medida e responden que na 4ª (14/01/2010), aínda non chegaron as actas desa reunión. CCOO di que xa mostraron as súas discrepancias na mesa de comercial e UGT non ve problemas nisto.

3.- Técnicos CNAI: Este tema é proposto polo Comité para tratar coa empresa. A cuestión é que do grupo de Técnicos do CNAI ofréceselle facer dispoñibilidades só a uns poucos, excluindo desa posibilidade ao resto.

O xefe do CNAI explica que as dispoñibilidades estanse a facer por parte do grupo que está levando Omega, explica que este grupo (neste momento son catro) foi creado con voluntarios que accederon a darlle soporte ao Omega e derivado desta actividade ofrecéuselles facer dispoñibilidades pois se ten algún problema debe ser tratado no mesmo momento. O resto dos Técnicos non as fan pola actividade que están a levar.

Dende a CIG comentamos que o feito de que nunha mesma coordinación se creen varios grupos de traballo, con actividades diferentes, pode crear conflitos cando desas actividades saen condicións de traballo diferentes, como está a pasar neste momento. Algún dos traballadores pode sentirse discriminado por non poder acceder a determinadas condicións cando todos forman parte da mesma coordinación.

Aproveitan esta Comisión de Xestión para adiantar que a coordinación da que estamos a falar asumirá o soporte de N2 de Nokia polo que entraran a rotar en quendas (de mañá e tarde) e gardas en sábado pola mañá. Como chegaron dous Técnicos de traslado, o grupo que levará esta actividade podería estar formado por 8 persoas. A idea que teñen e que este soporte sexa 24 horas / 7 días, para isto precisarían máis persoal por ese motivo entrarán de momento só coas quendas que comentamos.

As novas quendas de traballo serán anunciadas co tempo que marca a normativa e contan que a partir do 15 de abril se poderían implantar. Tamén se fala da posibilidade de que algún destes Técnicos poida pasar ao grupo que leva o soporte de Omega, fariase de xeito voluntario e daríase a formación precisa.

Dende a CIG volvemos a incidir no mesmo, é unha única coordinación con varios grupos que teñen condicións de traballo diferentes. O feito de que o pase dun grupo a outro se faga de xeito voluntario non quita para que poida haber prexudicados con estes movementos. Reducir o grupo de soporte Nokia pasando algún a Omega fará que nas quendas de Nokia aínda se fagan máis rotacións e máis gardas.

3.- Reestruturación Creación de Planta: Este punto introdúcese a última hora a proposta do Comité, pedímolos dende a CIG e tamén enviamos un escrito a RRHH. Quen expón o punto é o xefe de RRHH que comeza por dar resposta ao escrito da CIG.

RRHH entende que non houbo reestruturación organizativa pois non se deron cambios de acoplamento aos traballadores polo que non consideraron necesario informar destes cambios con antelación. Sobre como queda a nova estrutura indica que as dúas coordinacións que agora pasan a denominarse Clientes dependen xerarquicamente da xerencia de Radio e Transporte Galicia - Asturias, á súa vez esta depende da dirección de Operacións Norte. A día de hoxe a xerencia está vacante polo que a dependencia xerárquica directa é o director.

Dende a CIG indicamos que o feito de que non houbese cambios de acoplamento non indica que non se fixese unha reestruturación, como así afirma RRHH, polo tanto deberan ter informado nunha Comisión de Xestión antes de acometer estes cambios. Tamén comentamos que a información que se lles deu aos traballadores destas dúas coordinacións é que dependerían dun responsable de Móviles, o propio responsable fíxolle unha visita aos traballadores para confirmar este feito.

Dende RRHH insisten unha vez máis que non poden estar mesturadas as dúas empresas, son empresas diferentes con estruturas diferentes. Din que ninguén de Móviles pode dirixir ou ordenar o traballo do persoal de Telefónica e polo tanto a estrutura válida é a que mencionaron anteriormente.

Por parte da CIG reiteramos que se a información que se lle deu aos traballadores fose clara teríanse evitado o feixe de reclamacións que estes enviaron, en todo momento se lles informou que as coordinacións dependían dun responsable de Móviles, contrariamente ao que agora se afirma. Entendemos que as estruturas non poden estar mesturadas e unha cousa é que poidan existir actividades que se fagan para Móviles e outra cousa que exista dependencia xerárquica.